

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 22 DE DECEMBRO DE 2020

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste e presenta escusa don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Maria Carmen Pan Matos, concelleira con delegación especial do servizo de Desenvolvemento Asociativo, incluído na área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 15 de decembro de 2020

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 15 de decembro de 2020 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Daniel Mallo Castro, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto do acordo da Xunta de Goberno 11/12/2020, aprobación bases programa DP0033/2020, dirixido a agrupacións, asociacións e asociacións de agrupacións de voluntarios de protección civil da provincia da Coruña, de concellos de menos de 50.000 habitantes, para a adxudicación de equipamentos de emerxencia en réxime de concorrencia competitiva durante o ano 2020. (Boletín Oficial da Provincia número 215, do 16 de decembro de 2020).

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Servizos Sociais da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da resolución de bases reguladoras do programa FOPPSS/2021, pola que se dispón avogar a aprobación das bases do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2021 e aprobar as citadas bases. (Boletín Oficial da Provincia número 215, do 16 de decembro de 2020).

- Anuncio do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto do programa de subvencións dirixido a concellos e agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo durante o exercicio 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 217, do 18 de decembro de 2020).

- Anuncio da Secretaría Xeral. Sección de Información e Actas da excma. Deputación provincial da Coruña, de aprobación das bases de subvencións provinciais de concorrencia competitiva da convocatoria Fonl 2021. Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixida aos concellos, agrupacións de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2021. (Boletín Oficial da Provincia número 217, do 18 de decembro de 2020).

3º. Expedientes de contratación

3.1 Proposta de adjudicación do contrato para a “Actuacións na rede de pluviais na contorna da Casa Arriga”, á entidade Narón Servicios de Medio Ambiente, S.L. no prezo ofertado de 7.200,00 € sen IVE, 8.712,00 € IVE incluído. Expediente núm. 2020/C002/000192

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de decembro de 2020 que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 19/10/2020 emítese proposta-informe de necesidade de contratación asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, o concelleiro-delegado de urbanismo e obras e pola concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos, na que se incorpora a Memoria Valorada e se motiva a necesidade da obra denominada “Actuacións na rede de pluviais na contorna da Casa Arrigada”, cun orzamento base de licitación de 7.249,69 € sen IVE, 8.772,13 € IVE incluído, considerando preciso levar a cabo o obxecto do contrato debido ás inundacións que sofre o edificio cando chove, detectándose que as augas da choiva baixan pola parede do patio lateral da vivenda . As augas pluviais proveñen da recollida das augas de choiva da rúa Arrigada, entrando estas por zoa privada, onde xuntase coas augas que veñen das baixantes e dos drenaxes das vivendas da urbanización Arrigada, polo que se propón o desvío das augas pluviais pola zoa pública, evitando a súa incorporación a rede privada, así como a canalización da rede de pluviais do patio lateral, para que as augas que sigan descorrendo por estes, provenientes da urbanización, queden ben canalizadas, deixando así o patio practicable.

A memoria valorada, asinada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 21 de outubro de 2020, complementase cun documento que contén os planos da actuación, de data 14 de decembro de 2020.

Tendo en conta que o concello non dispón dos medios necesarios , considérase necesaria a contratación dunha empresa externa para a realización desta obra.

Con data 20/10/2020 emítese documento de retención de crédito pola Intervención municipal, de consignación orzamentaria adecuada e suficiente na aplicación orzamentaria 160 61900, (Outras inversións, reposicións, rede de sumidoiros), sendo o órgano competente para a autorización e aprobación do gasto e para a adjudicación a Xunta de Goberno Local.

Con data 06/11/2020 emítese informe asinado pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal, no que consta que no expediente foron invitadas a/s seguinte/s empresa/s:

- ALVAC S.A.

- NARON SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L.
- CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, SL.

E que presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

Empresa	Oferta sen	Oferta IVE incluído
NARON SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE S.L.	7.200,00 €	8.712,00 €
CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	7.249,00 €	8.771,29 €
ALVAC S.A.	7.249,69 €	8.772,13 €

Polo que se propón adxudicar o contrato menor correspondente á obra de “Actuacións na rede de pluviais no entorno da Casa Arrigada”, á empresa NARON SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L., con CIF B7007****, domicilio en R/ Pe do Muiño, 17, 15165 Meirás, Sada no prezo ofertado de 7.200,00 € sen IVE, 8.712,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Os artigos 118.1 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, establecen que se consideran contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal, e que poderán adxudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para realizar a prestación, cumprindo coas normas establecidas no artigo 118.

Visto o informe emitido pola técnica de xestión de Administración Xeral de data 15 de decembro de 2020, e mailo informe de fiscalización nº 436/2020, emitido polo interventor da Corporación con data do 17 de decembro de 2020.

Visto canto antecede, por parte desta Concellería considérase comprobado o cumprimento da regra contida no artigo 118.2 da LCSP, respecto da necesidade do contrato para o exercicio das competencias propias do Concello en materia de protección do patrimonio histórico, equipamentos da súa titularidade e equipamentos culturais, contempladas no artigo 25.2. apartados a), d) e m) da Lei 7/85 do 2 de abril reguladora das bases do réxime local, así como que no presente suposto non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación dos umbrais descritos no artigo 118.1.

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO** :

Primeiro: Aprobar a memoria valorada elaborada pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data do 21 de outubro de 2020, (complementada con data do 14 de decembro de 2020), para execución da obra denominada “Actuacións na rede de pluviais na contorna da Casa Arrigada”, cun orzamento base de licitación de 7.249,69 € sen IVE, 8.772,13 € IVE incluído, así como a necesidade da contratación.

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 61900.



Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expediente 2020/C002/000192, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

Cuarto: Adxudicar o contrato menor correspondente á obra de "Actuacións na rede de pluviais na contorna da Casa Arrigada", á empresa NARON SERVICIOS DE MEDIO AMBIENTE, S.L., con CIF B7007****, domicilio en R/ Pe do Muiño, 17, 15165 Meirás, Sada no prezo ofertado de 7.200,00 € sen IVE, 8.712,00 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.

Quinto: De conformidade co establecido no artigo 118.3 da LCSP deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento da Lei establezan.

Sexto: Desígnase como directora da obra e responsable do contrato á enxeñeira técnica de obras públicas municipal, dona Elena Bartolomé Delanoë, a quen corresponderá supervisar a súa execución e asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Sétimo: Notifíquese a dona Elena Bartolomé Delanoë, responsable do contrato, así como ao departamento de Intervención, para a súa constancia e para os efectos oportunos.

Oitavo: Notificar os presentes acordos aos interesados, facéndolles saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/125 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción desta notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

4º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 11 ao 17 de decembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1934/2020 e remata coa resolución da Alcaldía número 1987/2020, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
------------	---------------	--------



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1934/2020	11-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 15 de decembro de 2020
1935/2020	11-12-2020	Renuncia a concesión de licenza para a construción dunha vivenda en Cela, Cambre. Solicitante: MPV
1936/2020	11-12-2020	Licenza de segregación para regularización de viario público de finca de 680 m ² sita en Meixigo, Cambre en dúas parcelas de 618,59 m ² e 61,41 m ² .
1937/2020	11-12-2020	Licenza segregación de finca sita en Sampaio, Brexo, de 285 m ² en dúas parcelas de 264,93 m ² e 20,07 m ² para regularización do viario. Solicitante: JCC
1938/2020	11-12-2020	Asistencia técnica para certificación enerxética de edificios municipais
1939/2020	11-12-2020	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 108.971,21 euros
1940/2020	14-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentos a MCA durante un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto (en aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1941/2020	14-12-2020	Expediente compensación de débedas. Compensación de débedas de GNS, SDG, S.A (actualmente NI, S.A.), co Concello derivadas do procedemento sancionador PS.203.2/2019
1942/2020	14-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a AMSS durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1943/2020	14-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a JMSM por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1944/2020	14-12-2020	Aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Cambre e a Fundación ADRA (Axencia Adventista para o desenvolvemento e recursos asistenciais) durante o exercicio 2020
1945/2020	14-12-2020	Cadro de quendas de traballo para os sábados de xaneiro a decembro de 2021 e días de libranza correspondentes
1946/2020	14-12-2020	Substitución de válvulas reductoras en rede de abastecemento. Levantamento de reparos Intervención 14-12-2020
1947/2020	14-12-2020	Contrato Menor de obras para a instalación dun aseo nas novas dependencias de servizos sociais para o persoal
1948/2020	14-12-2020	CM Servizos. Gravación Belén Vivente de Bribes e actuación de Cadrou. Programa de Nadal
1949/2020	14-12-2020	Pagamento nómina paga extra decembro 2020
1950/2020	14-12-2020	Arranxo porta principal exterior de acceso ao CEIP Portofaro
1951/2020	14-12-2020	Arranxo parece e murete no CEIP Wenceslao Fernández Flórez. Cambre
1952/2020	14-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a ERS durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1953/2020	14-12-2020	Subministración de diversos materiais eléctricos para casas de xuventude municipais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1954/2020	14-12-2020	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de novembro de 2020 e o seu pagamento.
1955/2020	14-12-2020	CM Subministración programa de Nadal: caixas de correo, roupa e complementos Resis Magos, tablets
1956/2020	14-12-2020	Aprobación xestión padroal do mes de xuño 2020
1957/2020	15-12-2020	Aprobación da acreditación do destino dos fondos recibidos con cargo ao convenio de promoción do baloncesto 2019
1958/2020	15-12-2020	Expediente de alta no programa municipal de voluntariado de dona MD AR
1959/2020	15-12-2020	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Fonte da Vila, Santa María de Vigo, Cambre
1960/2020	15-12-2020	Expedientes sancionadores de tráfico. Resolución de recurso de reposición ordinario
1961/2020	15-12-2020	Reposición legalidade urbanística a UFD DE S.A. pola execución dunha canalización para acometida eléctrica na vivenda unifamiliar sita en Roncesvalles, parroquia de Brexo
1962/2020	15-12-2020	Expediente de xeración de crédito número 12/2020. Gradas cubertas e vestiarios campo fútbol de Brexo
1963/2020	15-12-2020	Pago anuncio DOGA
1964/2020	15-12-2020	Concesión de subvencións Consolida Cambre 2020. Primeira Quenda (Exp. 104 a 133)
1965/2020	15-12-2020	Concesión axuda de dous recibos de aluguer a AEG por importe total de 700 euros
1966/2020	15-12-2020	Concesión axuda lentes correctoras a JGRCP por importe de 200 euros
1967/2020	15-12-2020	Segunda concesión de subvencións ao aberio do programa Consolida Cambre
1968/2020	15-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a LSD por un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto.
1969/2020	15-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a GHCM por un período máximo de 18 meses condicionado ao cumprimento do proxecto
1970/2020	15-12-2020	Celebración voda civil o día 4 de xaneiro de 2021 ás 11 horas
1971/2020	16-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a NPSO durante un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto (aplicación da nova Disposición Final Segunda incluída na ordenanza reguladora)
1972/2020	16-12-2020	Concesión axuda emerxencia social alimentación a EB por un período máximo de 18 meses, condicionado ao cumprimento do proxecto
1973/2020	16-12-2020	Nomeamento orientadora laboral interina
1975/2020	16-12-2020	Expediente de transferencia de crédito núm. 18/2020. Área de gasto 9.
1974/2020	16-12-2020	CM para gravación e edición de vídeo do proxecto Vivencias de Cambre.
1976/2020	17-12-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 22 de decembro de 2020



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1977/2020	17-12-2020	Numeración de vivenda a solicitude de RH S.L.
1978/2020	17-12-2020	Numeración de vivendas pareadas a solicitude de RH S.L.
1979/2020	17-12-2020	Numeración de vivenda a solicitude de RH S.L.
1980/2020	17-12-2020	Liquidación Balado Canarga
1981/2020	17-12-2020	CM Kadrou / Programación NADAL
1982/2020	17-12-2020	Omisión de fiscalización do recoñecemento de obrigas do primeiro premio do IX concurso de escaparates de Nadal
1983/2020	17-12-2020	Solicitude aboamento segunda aportación subvención Asociación O Temple Comercial
1984/2020	17-12-2020	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 17 de decembro de 2020
1985/2020	17-12-2020	CM a EDITORIAL GALAXIA para a compra de libros Carvalho Calero / Día das letras galegas
1986/2020	17-12-2020	Declaración nulidade respecto do parágrafo segundo do resolvendo primeiro da Resolución da Concelleira delegada da Área de Benestar Social número 1059/2020, de 28 de xullo, pola que se concede a don AIS, unha axuda por importe de catrocentos euros (400 €) correspondente ao recibo de aluguer do mes de abril de 2020.
1987/2020	17-12-2020	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 22 de decembro de 2020, con carácter supletorio das correspondentes ao día 24 de decembro de 2020

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

María Luisa de la Red Ampudia